

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

MEMORIA DE ACTIVIDADES EN 1982

por FELIPE ARIAS VILAS

No pasado ano de 1982, o Museo Provincial de Lugo veu cumprindo as funcións que como tal entidade cultural ten encomendadas: conservadora, didáctica e científica, dentro das limitacións e problemas existentes, relativas sobre todo a infraestrutura, como a grave carencia de espaciao e almacéns axeitados, malas condicións de iluminación e medio ambiente, instalacións e sistemas de exposición anticuados, escasez de persoal técnico, etc., problemas todos eles que só cunha inversión económica importante, xa solicitada a través da Diputación Provincial de quen depende o Museo, se poderán solucionar. Hai que facer constar agora o desafogo que, nalgunhas partes do Museo, supuxo o traslado da Sección de Etnografía, Armería e outras á Torre de San Paio de Narla (Xiá, Friol), despois dunhas complexas obras de acondicionamento.

A pesar de que a Ordenanza Fiscal que a Diputación Provincial ten establecida para o Museo, incide directa e negativamente no feito de facer doada a visita ó mesmo por parte de tódalas capas sociais e niveis culturais, o Museo de Lugo vai sendo cada vez máis e millor coñecido.

En 1982 pasaron polo Museo un total de 12.703 visitantes, distribuídos así: 5.568 correspondentes a visitas individuais de pago, 2.475 gratuítas (sábados) e 4.570 formando parte de 104 grupos escolares ou visitas colectivas. En relación co ano anterior, 1981, (13.181 visitantes) produciuse un descenso do 3'6% (478 persoas) explicable por dúas circunstancias fundamentalmente: no dito ano de 1981 incluíronse as 800 persoas que, de xeito excepcional e gratuíto, e dentro da Semana de divulgación monumental de Lugo, visitaron o Museo un só día, e por outro lado, o Museo, por razóns de reaxuste de persoal, pecha agora os sábados pola tarde e os domingos e festivos, nos que antes estaba aberto, facilitando as visitas e aumentando, xa que logo, o seu número, aínda que o número de horas semanais de apertura do Museo ó público pasou das 35 de antes ás 39 de agora.

Nas salas de Exposición do Museo fixéronse reaxustes menores, por exemplo no vestíbulo que comunica o Claustro coa Cociña, e no corredor superior que dá á fachada, todo na liña xeral de reordenación lóxica e cronolóxica dos fondos do Museo e coas limitacións denantes apuntadas. Non se citan aquí os cambios efectuados a resultados do traslado a San Paio de Narla, dos que se falará noutro lugar e se dará conta na próxima Memoria.

No tocante ós aspectos de difusión cultural, o Museo Provincial de Lugo colaborou co Ministerio de Cultura na Exposición «Cántabros, Astures y Galaicos» que se exhibiu no Paraninfo Provincial entre os meses de Marzo e Abril, organizando o Museo unha Mesa redonda sobre o tema que tivo lugar no Círculo das Artes, co patrocinio do Ministerio de Cultura e a participación dos señores Arias Vilas, Caamaño Gesto e Fariña Busto.

Asimesmo, o Museo participou, xunto con outros Museos galegos, na elaboración e preparación da Exposición «Por el Camino de Compostela», exhibida logo en Lugo en Febreiro de 1983.

Desde o punto de vista científico, en e desde o Museo viñéronse continuando as investigacións, sobre todo relativas a Arqueoloxía, de xeito coordinado co Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento (Sección de Arqueoloxía) e subvencionadas polo Ministerio de Cultura: prospeccións diversas, excavacións de urxencia en San Vicente de Castellós e en Begonte, e obras de consolidación e limpeza no Castro de Viladonga, estas últimas dentro do convenio establecido co Instituto Nacional de Empleo.

Asimesmo, comenzouse a elaboración do Inventario epigráfico da provincia (deica o ano 711), continuación do arqueolóxico xa feito, e estase traballando no Catálogo de Escultura medieval e no de Imaxinería, así como na catalogación e reclasificación dos trasladados á Fortaleza de Xiá, labor esta última levada a cabo, co asesoramento da Dirección, polo Licenciado becario do Museo. Colaborouse tamén na formación do Arquivo fotográfico da Diputación Provincial e na redacción da Guía ilustrada de Lugo e provincia.

As investigacións que sobre temas arqueolóxicos, históricos, artísticos e etnográficos se fan no Museo, por persoal do mesmo, Licenciados en prácticas profesionais de Museos e por outros usuarios, dos que queda constancia no Libro de uso correspondente, son posibles grazas á Biblioteca do Museo, especializada naqueles temas e que conta con máis de 6.000 volumes entre libros e folletos, e exemplares de máis de 175 revistas científicas e publicacións periódicas de difusión cultural, en parte conseguidas polo intercambio co antigo Boletín Provincial de Monumentos de Lugo, con sé no Museo, e con continuas e abundantes donacións por parte do Ministerio de Cultura.

Dentro do incremento de fondos de carácter histórico-artístico, que continuou o pasado ano cun ritmo normal, cómpre sinalar o seguinte:

Entre as adquisicións, son de destacar os óleos de Alfonso Abelenda «Menina», Alfonso Sucasas «Os tres amigos do Lamela», e de Alejandro G. Pascual «Troncos», así como a escultura en bronce de Silverio Rivas «Claridade interior», todas elas con destino ás coleccións de Arte Galega contemporánea.

Comprouse ademais diverso material etnográfico, un revólver de tambor, un reloxo de sol esgrafiado en pizarra, algunhas moedas e medallas dos s. XIX e XX e outros obxectos menores.

Entre os donativos, hai que facer mención dunha «Cabeza» de terracota de Oliva Martínez, abundantes fondos de carácter etnográfico. (material de cociña e tear galegos), un selo do Axuntamento de Lugo do s. XIX, e asimesmo, obxectos arqueolóxicos procedentes de achádegos casuais e excavacións autorizadas, segundo a normativa vixente, como o vaso da Edade do Bronce de O Cubillón (Xermade), o cinturón ou placa de bronce e outras pezas de Castellós (Pantón), e o axuar lítico da medorra de Campelos (Begonte).

Entre os depósitos, e ademais dunhas sillas mecedoras do s. XIX, e un escudo en pedra da antiga Torre de Ombreiro (Lugo), enriqueceron as coleccións de Arte Galega e en concreto de pintores lucenses, as obras «O

Enterro» de Constantino Grandío, e 10 óleos e 5 debuxos, de distinto tamaño e calidade, de Julia Minguillón, correspondentes a diferentes etapas da súa traxectoria artística.

En total, uns 8.610 obxectos, ou series de obxectos, de carácter histórico e artístico son os que se conservaban no Museo Provincial de Lugo en data 31-XII-1982.

O ano 1982 cumpriuse o primeiro CINCUENTENARIO do Museo Provincial de Lugo, e para conmemoralo dignamente propúxoselle á Diputación Provincial a realización dunha serie de actividades, que foron aprobadas por ésta no mes de Febreiro e que consistiron, ademais da instalación de medidas de seguridade no edificio do Museo (en dúas fases), no seguinte:

— Reedición da «Guía del Camino francés en la provincia de Lugo», na serie de monografías do Servicio de Publicacións da Diputación.

— Edición de series de 10 diapositivas cada unha, de fondos do Museo, distribuídas en 5 bloques temáticos: Arqueoloxía, Etnografía e Artes populares, Artes industriais e menores, Pintura e Escultura, realizadas por Riaño Foto-Cine e postas á venda na Taquilla do Museo.

— Inauguración da Sala Prieto Nespereira, cun acto no Museo e unha conferencia de D. José Manuel López Vázquez, profesor da Universidade de Santiago, sobre «El Grabado en Galicia».

— Posta en servizo, coa autorización da Dirección General de Correos, dun rodillo especial relativo á conmemoración do Cincuentenario do Museo, durante todo o mes de Xuño en Lugo, e un mataselos especial dun só día, o 15 de Xuño, ámbolos dous con motivos referentes ó Museo.

— Preparación e montaxe dunha Exposición conmemorativa do Cincuentenario, exhibida no Salón Rexio do Círculo das Artes de Lugo durante o mes de Novembro, e que constaba de seis grandes apartados: Creación do Museo, Os edificios, As persoas, A formación das coleccións, As actividades e publicacións, e O futuro do Museo, todo elo con fotografías, textos e obxectos montados cun senso fundamentalmente didáctico e divulgativo.

— Para acompañar esta Exposición, realizouse unha película de 20 minutos de duración sobre «O Museo Provincial de Lugo, 1982», en sistema vídeo, pola Cooperativa Eidon, de Santiago de Compostela.

Tanto a Exposición como o vídeo, que se proxectou tódolos días en que aquela estivo aberta, tiveron grande éxito de crítica e case 1.000 persoas visitaron o que viña sendo un compendio perfecto do Museo de Lugo e a súa historia. Como Guía e recordo da Exposición editouse un amplo folleto, resume de todo o tratado naquela, así como un cartel anunciador da Mostra.

— Estas actividades complementáronse con dúas conferencias sobre a historia do Museo (polo académico D. Xosé Traperero Pardo) e sobre alfarería rural (polo doctor D. Luciano García Alén), e unha Mesa redonda sobre os Museos Galegos coa participación de representantes de diversas insti-

tucións e organismos afectados polo tema: Consellería de Cultura, Museo de Ourense, Museo de Lugo, Museo Diocesano de Lugo e Museo do Pobo Ga'lego.

Ainda que o libro veu a luz no ano 1983, foi no 1982 cando entrou en imprenta para a súa reedición polo Servicio de Publicacións da Diputación, e tamén como parte da conmemoración do Cincuentenario do Museo, o tomo primeiro de «Fortalezas de Lugo y su provincia», de Manuel Vázquez Seijas, que cobrou maior importancia a xeito de homenaxe ó seu autor, que foi o principal promotor do Museo e o seu Director durante moitos anos, que finou no mes de Decembro de 1982, cando poucos meses antes, en Xullo, en acto celebrado no Museo, tiña recibido a Medalla de Prata da Provincia e o título de Director Honorario Perpetuo do Museo.